



Presentado o estudo 'Familia, coidados e traballo non remunerado. O uso do tempo dos fogares de Galicia'



Familia, coidados e traballo non remunerado

O uso do tempo dos fogares de Galicia

XUNTA DE GALICIA

■ 2

Sumario

Igualdade	2	Cooperativismo	5
Informe paro rexistrado	3	Normativa	6-10
Cooperación Transfronteiriza	4	Publicacións	10

Premios á Cooperación 2009



O Consello Galego de Cooperativas convoca a VIII edición dos premios á cooperación

- Os galardóns teñen a finalidade de fomentar e difundir o cooperativismo na Comunidade galega, así como de recompensar publicamente o labor das cooperativas

■ 5



O programa Ibermovilitas fomentará a mobilidade no emprego transfronteirizo entre España e Portugal

■ 4

INFORME DO PARO REXISTRADO

Galicia é a comunidade na que menos aumentou o paro interanual no mes de febreiro

- O aumento do paro con respecto ao mes de xaneiro de 2009 é de 5.254 persoas, ata situar a cifra total en 206.570 demandantes
- En relación con febreiro de 2005, Galicia reduciu en 2,7 puntos o peso do paro sobre o Estado
- De manter Galicia ese mesmo peso, polo tanto a mesma evolución ca media estatal, agora habería en Galicia 299.858 parados
- O incremento mensual foi do 2,6% e o anual do 27,6%, porcentaxes inferiores en 4,63 e 50,4 puntos ao aumento rexistrado no Estado
- A contratación indefinida en Galicia supón o 12,6% do total de contratos, 0,1 puntos máis que no mes de xaneiro e 1,2 máis sobre a media estatal

■ 3

IGUALDADE

Ricardo Varela presentou hoxe o estudo 'Familia, coidados e traballo non remunerado. O uso do tempo dos fogares de Galicia', elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela



- ▶ Ricardo Varela destaca que o traballo invisible das mulleres incrementaría o PIB galego nun 36,5% se fose computado
- ▶ Este estudo permitirá que as políticas activas de emprego destinadas á consolidación das mulleres no ámbito do emprego teñan en conta a envergadura que tivo ata agora a carga global de traballo desenvolvido por elas
- ▶ A Consellería de Traballo destinará este ano máis de 91 millóns de euros a políticas de igualdade no ámbito das relacións laborais
- ▶ O conselleiro de Traballo afirma que o uso do tempo non é un asunto individual e privado dos traballadores, senón colectivo e público

Santiago, 10 de febreiro de 2009.- O traballo non remunerado dos fogares, asumido de forma maioritaria polas mulleres, incrementaría o Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia nun 36,5% se fose avaliado polas contas públicas tradicionais. Así o asegurou o conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, no acto de presentación do estudo Familia, coidados e traballo non remunerado. O uso do tempo dos fogares de Galicia. Esta exhaustiva obra, elaborada pola Universidade de Santiago de Compostela por encargo da Xunta de Galicia, recolle por primeira vez unha análise polo miúdo dos usos do tempo por parte dos homes e mulleres da Comunidade Autónoma.

Nas preto de 600 páxinas que compoñen esta publicación, débullanse os repartos que das horas do día fan os galegos e as galegas,

segundo todo tipo de variables: en comparación coas outras autonomías de España, por provincias, en función dos tipos de fogar, do nivel de estudos, do estado civil, do lugar de residencia ou dos ingresos. Os autores do texto comparan que porcentaxes da xornada dedicamos ao traballo, os estudos, o fogar e a familia, a vida social, os deportes, afeccións e xogos, medios de comunicación ou desprazamentos. Tamén se analiza, segundo múltiples criterios, como os galegos e as galegas dedicamos o noso tempo ás distintas tarefas do fogar: dende as actividades culinarias ata o coidado dos animais.

En todo caso, o conselleiro de Traballo remarca que o obxectivo desta análise non é o de poñerlle prezo ao traballo que se realiza nos fogares galegos, senón prever as consecuencias da súa paulatina

desaparición. Con este punto de partida, arbitraranse medidas e políticas públicas que busquen alternativas.

Nesta liña, Ricardo Varela afirmou que a análise e as conclusións do estudo permitirán que as políticas activas de emprego destinadas á consolidación das mulleres no ámbito laboral teñan en conta a envergadura que, ata o e agora, tivo a carga de traballo global desenvolvida polo colectivo feminino. Con este obxectivo, a Consellería de Traballo achegará este ano máis de 91 millóns de euros destinados a políticas de igualdade no eido das relacións laborais.

Un novo acordo social a prol de políticas do tempo igualitarias Na súa intervención, o conselleiro de Traballo recordou tamén que o uso do tempo non é só un asunto individual e privado dos traballadores e traballadoras, senón colectivo e público. "O tempo", asegurou Ricardo Varela, "é un factor económico de primeira magnitude e mentres a análise económica se limite ás actividades monetarizadas que se producen no mercado, non se entenderá o funcionamento do conxunto da economía".

Dende esta perspectiva, o titular do departamento laboral da Xunta de

Galicia cualificou como "imprescindible" facer compatibles as necesidades da familia e os fogares co lexítimo dereito das mulleres e dos homes de facer efectiva a súa permanencia no mercado laboral.

O principio de igualdade foi, precisamente, o eixe vertebrador de todas as liñas políticas que se implantaron ao longo deste período legislativo polo Goberno de Galicia. En concreto, no ámbito do emprego, o punto de partida presentaba un panorama claramente deficitario en materia de igualdade laboral, o que requiriu unha análise global e específica dos condicionantes para establecer un marco normativo que posibilitase a modificación desta situación discriminatoria.

Neste contexto, Ricardo Varela defendeu o artellamento de políticas do tempo igualitarias e a posta en marcha dun novo acordo social, similar ao que deu lugar ao estado do benestar. "Para o Goberno galego", concluíu, "os instrumentos máis capaces para logralo serán a redistribución de recursos –destinados ao proceso e reprodución humana–, e a renegociación das normas sociais que permitan eliminar as profundas contradicións do mercado de traballo".

INFORME PARO REXISTRADO

Santiago, 3 de marzo de 2009.- Galicia é a Comunidade Autónoma que experimentou en febreiro un menor ascenso interanual do paro rexistrado no conxunto do Estado. A comparativa co mes de xaneiro revela ademais que nesta comunidade o ascenso porcentual do paro mensual foi case a metade do rexistrado no conxunto de España. En Galicia, produciuse un incremento interanual do 24,92%. Cos menores incrementos de paro séguenlle as comunidades de Asturias, cun incremento do 28,82%, Extremadura, cun 31,31% e o País Vasco, cunha suba do 35,26%.

En concreto, segundo os datos do Servizo Público de Emprego dados a coñecer hoxe polo Ministerio de Traballo e Inmigración, o aumento do paro rexistrado en Galicia foi de 44.742 persoas con respecto ao mesmo mes do ano anterior e de 5.254 persoas con respecto ao primeiro mes de 2009. Estas subas porcentuais son dun 27,6% e dun 2,6%, que revelan un mellor comportamento da Comunidade con respecto ao Estado, no que os índices de incremento foron do 50,4% e do 4,63%, respectivamente.

O número total de parados rexistrados en Galicia en febreiro de 2009 é de 206.570 persoas, das que o 10,6% son menores de 25 anos e o 55,2% son mulleres. A media dos últimos doce meses e paro rexistrado tense reducido dende febreiro de 2005 en 6.635 demandantes, un 3,8%, dos que 5.660 son menores de 25 anos e 8.010 mulleres.

Hai 966 demandas no mes de febreiro procedentes de contratos rematados noutra Comunidade Autónoma. Madrid, Canarias e Castela León suman o 49% destas altas. Nos últimos 12 meses o número de demandantes que chegaron a Galicia doutras comunidades foi de 11.533 persoas, o que supón que algo máis da cuarta parte do incremento do desemprego procede doutra comunidade.

En relación coa súa composición por idade e xénero, hai 92.615 homes, dos cales un 13,5% son mozos menores de 25 anos, e 113.955 mulleres, das que un 8,3% son menores de 25 anos. Os homes representan un 44,8% e as mulleres un 55,2% do total de demandantes. Os homes incrementan o paro en 3.057 demandas e as mulleres en 2.197.

Por sectores produtivos, en relación con xaneiro de 2009 o paro rexistrado incrementábase un 2,6% no sector industrial, un 3,9% na construción, un 2,5% nos servizos, un 2,2% no colectivo sen emprego anterior e un 0,5% no sector primario.

En relación co ano anterior, febreiro de 2008, hai un incremento do número de demandas en todos os sectores e en ambos sexos.

Cómpre destacar que Galicia presenta unha converxencia bruta de 36.791 demandantes no último ano. Isto quere dicir que de manter a evolución media do conxunto de CCAA, Galicia tería incrementado o seu número de parados rexistrados nesa cifra, ata os 243.361 demandantes.

Sobre febreiro de 2005, momento no que o peso do paro galego sobre o estatal foi o maior, a redución é de 2,68 puntos. De manter Galicia ese mesmo peso, polo tanto a

mesma evolución ca media estatal, agora habería en Galicia 299.858 parados .

Datos de contratación

No mes de febreiro de 2009 rexistráronse 46.535 contratos, dos que o 12,6% foron indefinidos. O conxunto da contratación diminuíu un 14,8% sobre o mes de xaneiro. O peso da contratación indefinida aumenta en 0,1 puntos. Sobre febreiro de 2008 a diminución foi do 26,3%, con 16.625 contratos menos.

Rexistráronse 8.060 contratos menos que en xaneiro de 2009, un descenso do 14,8%. Das diferentes modalidades, os contratos formativos foron os que tiveron un meirande descenso, co 49,5%.


En relación co mes de febreiro de 2008, rexistráronse 16.625 contratos menos, o que supón unha diminución do 26,3%. Desta redución soamente se exceptuaron as "outras modalidades de contratación" que tiveron un incremento do 12,9%. É especialmente salientable a redución dos contratos formativos nun 45,1%

Afiliación

No mes de febreiro de 2009 houbo 1.033.484 afiliados, dos que o 72,8% están no Réxime Xeral, o 22,4% no Réxime de Autónomos, o 0,4% no Réxime Especial Agrario por conta allea, 2,4% no Réxime do Mar o e o 2% no de Empregados do Fogar.

En relación co mes de xaneiro prodúcese unha diminución de 1.723 afiliados, o 0,17%. A variación prodúcese fundamentalmente no Réxime Xeral, con 978 afiliados menos, o 0,13%. No Réxime de Autónomos hai 954 menos, o 0,41%.

A variación mensual de Galicia, un descenso de 0,17 puntos é inferior a metade da producida no conxunto do Estado, un descenso de 0,38 puntos. Os réximes que teñen mellor comportamento en Galicia en relación co Estado son o de autónomos cunha redución inferior en 0,3 puntos e o Xeral con 0,27





- ▶ Ibermovilitas mellorará as capacidades dos traballadores de España e Portugal e fomentará a súa mobilidade a ambos os lados da fronteira a través dunha oferta formativa e práctica baseada nas necesidades de ambos os mercados laborais
- ▶ Baixo o proxecto crearase un Centro de Referencia para a mobilidade transfronteiriza
- ▶ A Consellería de Traballo, como socio líder, presentou o proxecto Ibermovilitas xunto co apoio das consellerías das comunidades autónomas de Andalucía, Castela e León e Extremadura e o Instituto do Emprego e Formación Profesional de Portugal

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2009.- A Consellería de Traballo da Xunta de Galicia presentou en Santiago de Compostela o proxecto Ibermovilitas xunto co Servizo Público de Emprego da Junta de Castilla y León, a Consellería de Igualdade e Emprego da Junta de Extremadura, a Consellería de Emprego da Junta de Andalucía e o Instituto do Emprego e Formación Profesional de Portugal.

O proxecto Ibermovilitas enmárcase dentro da convocatoria de Cooperación Transfronteiriza 2007-2013 financiada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e terá unha duración temporal de dous anos, nos que se investirá un total de case 2.300.000 de euros. A misión de IBERMOVILITAS é servir de marco para poñer en marcha a experiencia de cooperación en materia de mobilidade en todo o territorio que se estende a ambos os lados da fronteira hispano-portuguesa, que abarcará as comunidades de Andalucía, Castela e León, Extremadura e Galicia limítrofes co país portugués. O obxectivo último pasa novamente por impulsar a mobilidade laboral dos cidadáns e cidadás que residen aos dous lados da fronteira, obxectivo que se alcanzará co deseño de políticas activas de emprego que contribúan a paliar as barreiras existentes á mobilidade.

Neste novo proxecto posto en marcha beneficiaranse preto de 200 persoas desempregadas e executaranse máis de 5.000 horas de formación teórica tanto presencial como en liña.

O programa Ibermovilitas fomentará a mobilidade no emprego transfronteirizo entre España e Portugal

As actividades que desenvolverá Ibermovilitas foron deseñadas tendo en conta os principios da Carta Europea de Calidade para a Mobilidade, cuxo principal obxectivo é garantir unha experiencia positiva das persoas participantes na súa estancia no estranxeiro.

Estudo sobre detección de necesidades en materia laboral en España e Portugal

Baixo o proxecto Ibermovilitas desenvolveranse catro estudos de detección de necesidades laborais en ambos os países, cuxo obxectivo é identificar os sectores de actividade e postos de traballo de difícil ocupación e que poidan ser susceptibles de ser ocupados por traballadores e traballadoras transfronteirizos. Os resultados dos estudos servirán para elaborar a oferta formativa nas distintas comunidades españolas e no país portugués, baseada na demanda real do mercado laboral de profesionais.

Formación presencial e en liña e prácticas remuneradas en empresas

Deseñaranse as accións formativas para paliar as barreiras existentes á mobilidade. Ibermovilitas poñerá en marcha unha oferta formativa a través de 12 cursos presenciais en ambos os países que contarán ademais cunha formación en liña común a todos titorizada a través da rede. A oferta formativa en liña versará sobre a creación de empresas, orientación laboral, igualdade de oportunidades, sensibilización ambiental e normas, usos, costumes e formación no idioma do país veciño. Unha vez definida a oferta formativa, poñerase en marcha nos ámbitos de actuación do proxecto, Galicia-Norte de Portugal, Castela e León-Centro de Portugal, Extremadura-Alentejo e Andalucía-Algarve.

Innovación do proxecto

Crearase un Centro de Referencia para a mobilidade transfronteiriza co obxectivo de que as administracións, institucións e axentes sociais do territorio de intervención do proxecto poidan contar con datos e información actualizada do mercado laboral transfronteirizo, cuxa ausencia ata a data é unha das principais barreiras para poder deseñar políticas e accións orientadas a impulsar a mobilidade.

Toda a información sobre Ibermovilitas habilítouse hoxe na web do proxecto, www.ibermovilitas.org, na que se recollerán os estudos, se publicará a oferta formativa e constituirá o punto de encontro en materia de emprego transfronteirizo.

Premios á Cooperación 2009



Santiago, 14 de febreiro de 2009.- O Consello Galego de Cooperativas, órgano de participación institucional dependente da Dirección Xeral de Relacións Laborais, vén de publicar a oitava edición dos Premios á Cooperación. Estes galardóns foron creados coa finalidade de fomentar e difundir o cooperativismo en Galicia, así como para recompensar publicamente o labor que as cooperativas e outras institucións e persoas realizan no eido da economía social. O prazo de presentación de solicitudes finalizará o día 31 do vindeiro mes de maio. Para obter máis información, os interesados poden consultar o DOG do día 2 de xaneiro.

As candidaturas poderán presentarse na secretaría do Consello Galego de Cooperativas (nas dependencias centrais da Consellería de Traballo, en Santiago), xunto coa memoria explicativa e a documentación xustificativa dos valores e méritos alegados.

O Consello Galego de Cooperativas é o máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo en Galicia, e del forman parte representantes da Xunta de Galicia, da Fegamp, das universidades galegas, da cooperativa de crédito Caixa Rural Galega e das diferentes asociacións e federacións

de cooperativas existentes en Galicia. Está presidido polo conselleiro de Traballo, Ricardo Varela.

Os Premios á Cooperación 2009 están dirixidos a cooperativas e persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que realizen un destacado labor no campo do cooperativismo na Comunidade galega. Son convocados baixo tres modalidades: Premio aos valores cooperativos; Premio ao mellor proxecto cooperativo; e Premio á promoción do cooperativismo.

Premio aos valores cooperativos

Esta distinción seralle outorgada á cooperativa, entidade ou persoa que máis destacase o impulso dos valores cooperativos na Comunidade autónoma galega. O xurado valorará a traxectoria dos candidatos e candidatas, especialmente as actuacións dirixidas á aplicación práctica dos principios cooperativos establecidos pola Alianza Cooperativa Internacional e a súa adecuación ao marco socioeconómico galego.

Premio ao mellor proxecto cooperativo

O premio ao mellor proxecto cooperativo sera-

lle outorgado ao proxecto empresarial cooperativo de especial relevancia, tanto de cooperativas de nova creación como das previamente existentes.

O xurado terá en conta a relevancia do proxecto, que poderá vir determinada tanto polo seu carácter innovador ou de intercooperación como por outras características singulares, así como pola súa repercusión no contorno, especialmente nos eidos económico, social e laboral.

Premio á promoción do cooperativismo

Esta modalidade corresponderá á persoa ou entidade que destacase especialmente polo fomento do cooperativismo, tanto pola súa traxectoria como por actuacións de carácter puntual que resulten particularmente significativas.

O xurado terá en conta a actividade ou actividades realizadas polos candidatos e candidatas e a súa repercusión na implantación e desenvolvemento de cooperativas en Galicia, tanto nos seus aspectos cualitativos coma cuantitativos.

Cada unha das tres modalidades dos premios contará cunha dotación económica de 6.000 euros.

Traballo ofrece xa un espazo de xestión e apoio a iniciativas emprendedoras cooperativas a través do Centro de Desenvolvemento Transfronteirizo de Verín

Santiago, 14 de febreiro de 2009.- A Consellería de Traballo está xa a fomentar o desenvolvemento de iniciativas emprendedoras no eido cooperativo a través do Centro de Desenvolvemento Cooperativo Transfronteirizo de Verín. Estas instalacións, impulsadas e postas en marcha polo departamento que dirixe Ricardo Varela, teñen como principal obxectivo a reactivación de proxectos empresariais cooperativos, ao mesmo tempo que se proporciona un espazo de xestión e apoio ás novas iniciativas.

A cooperativa Verín Biocoop deu a coñecer aos seus socios as novas instalacións das que dispón no Centro de Desenvolvemento Cooperativo Transfronteirizo de Verín. Verín Biocoop está formada por un grupo de gandeiros que deciden agruparse para orientar e reconverter as súas explotacións en unidades produtivas respectuosas co medio ambiente e coa saúde dos consumidores. Esta cooperativa configúrase como un auténtico referente nas producións ecolóxicas de vacún, tanto en Galicia como no

resto do Estado.

Dende as instalacións do Centro de Desenvolvemento Cooperativo Transfronteirizo de Verín, a cooperativa Verín Biocoop dará un impulso á súa labor organizativa, loxística e de contacto cos seus provedores. Isto permitiralle acometer transformacións transcendentales no agro galego, adaptarse a un uso responsable dos recursos dispoñibles e seguir contribuíndo á innovación do medio rural galego e, fundamentalmente, á dinamización da comarca de Verín.



NORMATIVA DOG

- ▶ Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar. (DOG nº 22, do 2-02-09).
- ▶ Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego. (DOG nº 22, do 2-02-09).
- ▶ Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego. (DOG nº 22, do 2-02-09).
- ▶ Corrección de erros.-Resolución do 7 de novembro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2009, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 22, do 2-02-09).
- ▶ Orde do 26 de xaneiro de 2009 pola que se regula o exercicio de dereito ao voto das persoas traballadoras por conta allea nas eleccións ao Parlamento de Galicia convocadas para o día 1 de marzo de 2009 polo Decreto 1/2009, do 5 de xaneiro. (DOG nº 23, do 3-02-09).
- ▶ Decreto 17/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de prevención de riscos laborais na Administración xeral da Xunta de Galicia. (DOG nº 24, do 4-02-09).
- ▶ Corrección de erros.-Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009. (DOG nº 26, do 6-02-09).
- ▶ Resolución do 28 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que se publica a decisión da Comisión Europea de considerar o programa de incentivos a plans empresariais de incremento de estabilidade laboral compatible co Tratado da CE, en aplicación da excepción do seu artigo 87, punto 3, letra c. (DOG nº 26, do 6-02-09).
- ▶ Resolución do 20 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para o desenvolvemento das liñas de actuación e estímulo á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 27, do 9-02-09).
- ▶ Corrección de erros.-Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (DOG nº 28, do 10-02-09).
- ▶ Corrección de erros.-Resolución do 7 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se convocan de xeito ordinario probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o ano 2009. (DOG nº 29, do 11-02-09).
- ▶ Resolución do 22 de xaneiro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo, pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 14 de outubro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 201, do 16 de outubro) pola que se convocan subvencións destinadas ás entidades locais para o establecemento de plans de programación do tempo na cidade. (DOG nº 30, do 12-02-09).
- ▶ Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula a organización e o funcionamento do Consello Social dos centros integrados de formación profesional de Galicia. (DOG nº 31, do 13-02-09).
- ▶ Decreto 25/2009, do 12 de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público de diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2009. (DOG nº 31, do 13-02-09).
- ▶ Orde do 13 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2009. (DOG nº 34, do 18-02-09).
- ▶ Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego. (DOG nº 35, do 19-02-09).
- ▶ Orde do 19 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións encamiñadas ao fomento da seguranza e da saúde no ámbito da minaría galega, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (Código de procedemento IN303A). (DOG nº 35, do 19-02-09).
- ▶ Orde do 12 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (DOG nº 36, do 20-02-09).
- ▶ Resolución do 27 de xaneiro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no segundo e terceiro cuadrimestre de 2008. (DOG nº 36, do 20-02-09).
- ▶ Orde do 17 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas en materia agroforestal, por entidades de iniciativa social, dedicadas a fomentar a integración social e laboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2009. (DOG nº 37, do 23-02-09).
- ▶ Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (DOG nº 41, do 27-02-09).

NORMATIVA DOUTRAS CCAA



ANDALUCÍA

- Resolución do 23 de decembro de 2008, da Resolución do 20 de xaneiro de 2009, pola que se anuncia a convocatoria para o ano 2009 para a solicitude das subvencións destinadas a Consorcios Escola de Formación para o Emprego participados pola Xunta de Andalucía reguladas na Orde do 10 de maio de 2005. (BOJA do 12-02-09).
- Decreto 33/2009, do 17 de febreiro, polo que se aproba a Oferta de Emprego Público correspondente a 2009. (BOJA do 27-02-09).

ARAGÓN

- Resolución do 16 de xaneiro de 2009, da Dirección Xerencia do Instituto Aragonés de Emprego de convocatoria do Programa de Información, Orientación Profesional para o emprego e Asistencia para o Autoemprego. (BOA do 2-02-09).
- Decreto 7/2009, do 27 de xaneiro, do Goberno de Aragón, polo que se modifica o Decreto 23/2008, do 12 de febreiro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en materia de relacións laborais e de prevención de riscos laborais. (BOA do 9-02-09).

ASTURIAS

- Resolución do 30 de decembro de 2008, do Servizo Público de Emprego, pola que se ampla crédito autorizado para atender convocatoria de subvencións de fomento do emprego. (BOPA do 2-02-09).

CANARIAS

- Resolución do 11 de febreiro de 2009, do Presidente do Servizo Canario de Emprego, pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións no ámbito da colaboración coas Corporacións Locais da Comunidade Autónoma de Canarias, que contraten traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social, no exercicio 2009. (BOC do 19-02-09).
- Resolución de 11 de febreiro de 2009, do Presidente do Servizo Canario de Emprego, pola que se aproba a convocatoria extraordinaria para a concesión de subvencións, no marco de o III Plan Integral de Emprego de Canarias (PIEC), no ámbito da colaboración coas Corporacións Locais de ámbito municipal, que con-

traten traballadores desempregados procedentes dos sectores agrícolas do cultivo do tomate, flores e plantas ornamentais, para a realización de obras e servizos de interese xeral e social, no exercicio 2009. (BOC do 19-02-09).

- Resolución de 11 de febreiro de 2009, do Presidente, pola que se aproba a convocatoria para participar nun programa de formación en materia de formador de formadores en innovación dirixida a formadores que participaran en programacións do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP Canarias). (BOC do 24-02-09).

CANTABRIA

- Orde EMP/14/2009, do 19 de xaneiro, pola que se establece as bases reguladoras e se convoca subvencións para os Municipios e Mancomunidades da Comunidade Autónoma de Cantabria, co fin de impulsar proxectos en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, no ano 2009. (BOC do 2-02-09).
- Orde EMP/18/2009, do 28 de xaneiro, pola que se establecen as bases reguladoras e se aproba a convocatoria de subvencións para o ano 2009 destinadas a incentivar a contratación estable de persoas en situación de desemprego e promover o mantemento e posterior conversión en indefinidos de contratos de duración determinada ou temporais. (BOC do 3-02-09).
- Orde EMP/21/2009, do 2 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras e se aproba a primeira convocatoria para o ano 2009 de subvencións destinadas á conciliación da vida laboral, familiar e persoal de mulleres traballadoras ou desempregadas con fillas e/ou fillos ao seu cargo ou persoas incapacitadas sometidas á súa tutela. (BOC do 12-02-09).
- Orde EDU/9/2009, de 6 febreiro pola que se establecen as bases reguladoras e convócanse axudas individualizadas para a realización do módulo profesional de Formación en Centros de Traballo en empresas ou entidades da Unión Europea no marco do Proxecto Erasmus Educantabria Movilidad Formación Profesional en Europa 2008-2009, para os alumnos que cursen ciclos formativos de grao superior nos centros de titularidad pública da Comunidade Autónoma de Cantabria durante o curso 2008/2009. (BOC do 13-02-09).

Orde EMP/29/2009, do 10 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras e se aproba a convocatoria para o exercicio 2009, das subvencións en materia de formación de oferta, consistentes na execución de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores desempregados. (BOC do 17-02-09).

- Orde EMP/30/2009 do 10 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras e se aproba a convocatoria para o ano 2009 de axudas á realización de Itinerarios Integrados de Inserción dirixidos a persoas traballadoras en desemprego da Comunidade Autónoma de Cantabria, cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Social Europeo. (BOC do 17-02-09).

CASTELA-A MANCHA

- Orde de 03/02/2009, da Consellaría de Traballo e Emprego, que modifica a Orde de 18/12/2008, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a traballadores, dirixidas a compensar a perda de ingresos derivada da redución de xornada laboral, o desfrute de excedencias ou a suspensión de contratos laborais, para conciliar a súa vida laboral, familiar e persoal (DOCM nº 263, Fascículo III, de 23/12/2008). (DOCM do 13-02-09).
- Resolución de 04/02/2009, da Dirección Xeral de Emprego, pola que se modifica a Resolución de 18/12/2008, pola que se aproba a convocatoria pública para o ano 2009 das subvencións públicas a traballadores, dirixidas a compensar a perda de ingresos derivada da redución de xornada laboral, o desfrute de excedencias ou a suspensión de contratos laborais, para conciliar a súa vida laboral, familiar e persoal (DOCM nº 263, Fascículo III, de 23/12/08). (DOCM do 19-02-09).
- Orde de 12/02/2009, da Consellaría de Traballo e Emprego, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para o desenvolvemento de actividades formativas en materia de prevención de riscos laborais, no ámbito territorial de Castilla-La Mancha. (DOCM do 20-02-09).
- Orde de 12/02/2009, da Consellaría de Traballo e Emprego, pola que se establecen as bases reguladoras e convocan subvencións para 2009, destinadas ao fomento da mellora das condicións

de Seguridade e Saúde dos traballadores autónomos. (DOCM do 20-02-09).

- ▶ Orde de 13/02/2009, da Consellaría de Traballo e Emprego, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas a fomentar a prevención de riscos laborais nas pequenas e medianas empresas, e se efectúa a convocatoria para 2009. (DOCM do 20-02-09).
- ▶ Orde de 13/02/2009, da Consellaría de Traballo e Emprego, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a contratación indefinida de Técnicos en Prevención de Riscos Laborais. (DOCM do 20-02-09).

CASTELA E LEÓN

- ▶ Decreto 11/2009, do 29 de xaneiro, por que se crea o Consello Rexional de Economía Social de Castilla e León. (BOCyL do 4-02-09).
- ▶ Orde FAM/176/2009, do 3 de febreiro, pola que se convocan subvencións incluídas no Programa de Fomento da Igualdade de Oportunidades e de apoio ás vítimas de violencia de xénero para o ano 2009. (BOCyL do 6-02-09).
- ▶ Orde EYE/224/2009, do 3 de febreiro, pola que se establecen as Bases Reguladoras de subvencións dirixidas a fomentar a Conciliación de Vida Laboral e Familiar en Comunidade de Castilla e León. (BOCyL do 13-02-09).
- ▶ Orde EYE/225/2009, do 3 de febreiro, pola que se establecen as Bases Reguladoras das subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo dirixidas a fomentar o emprego por conta allea. (BOCyL do 13-02-09).
- ▶ Orde EYE/226/2009, do 3 de febreiro, pola que se establecen as Bases Reguladoras das subvencións do Programa de Formación mediante prácticas en empresas para titulados universitarios. (BOCyL do 13-02-09).
- ▶ Orde EYE/227/2009, do 3 de febreiro, pola que se establecen as Bases Reguladoras das subvencións do programa de formación mediante prácticas en empresas para universitarios. (BOCyL do 13-02-09).
- ▶ Orde EYE/229/2009, do 3 de febreiro, pola que se establecen as Bases Reguladoras das subvencións, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, destinadas a fomentar o autoemprego na Comunidade de Castilla e León. (BOCyL do 13-02-09).
- ▶ Orde EDU/245/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a Concellos e Deputacións Provinciais destinadas a financiar programas de educación de persoas adultas. (BOCyL do 16-02-09).

▶ Orde EDU/246/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades privadas sen ánimo de lucro destinadas a financiar programas de educación de persoas adultas. (BOCyL do 16-02-09).

▶ Orde EYE/228/2009, do 27 de xaneiro, pola que se fai pública a aplicación presupostaria e o gasto destinado a financiar, as axudas previas á xubilación ordinaria, no Sistema da Seguridade Social, a traballadores afectados por procesos de reestruturación de empresas para o ano 2009. (BOCyL do 17-02-09).

▶ Orde EYE/312/2009, do 13 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións dirixidas a PYMES para fomentar o ascenso profesional da muller en Castilla e León. (BOCyL do 20-02-09).

▶ Orde EYE/313/2009, do 13 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións dirixidas á promoción de Organizacións Sindicais en Castilla e León. (BOCyL do 20-02-09).

▶ Orde EYE/228/2009, do 27 de xaneiro, pola que se establecen as Bases Reguladoras das subvencións dirixidas a incentivar a concesión de permisos individuais de formación. (BOCyL do 25-02-09).

▶ Orde EYE/361/2009, do 11 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a Entidades Locais, para a contratación de persoas con minusvalidez e persoas en risco ou situación de exclusión social. (BOCyL do 25-02-09).

▶ Resolución do 24 de febreiro de 2009, do Servizo Público de Emprego de Castilla e León, pola que se convocan, para o ano 2009, subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de accións de orientación profesional para o emprego e de asistencia para o autoemprego (OPEA). (BOCyL do 27-02-09).

▶ Resolución do 24 de febreiro de 2009, do Servizo Público de Emprego de Castilla e León, pola que se convocan subvencións públicas, para o ano 2009, destinadas á posta en práctica de programas experimentais en materia de emprego. (BOCyL do 27-02-09).

CATALUÑA

▶ Resolución EDU/134/2009, do 21 de xaneiro, pola que se establecen, con carácter experimental, as experiencias de incorporación de novos colectivos e as experiencias de validación de formación no ámbito da formación profesional do sistema educativo. (DOGC do 5-02-09).

ESTREMADURA

▶ Decreto 5/2009, de 23 de xaneiro, polo que se regula a formación continua para o medio rural, establécense as bases reguladoras das axudas para a formación continua dependentes da Consellaría de Agricultura e Desenvolvemento Rural, e convócanse axudas para plans de formación continua e actividades de formación en 2009. (DOE do 3-02-09).

▶ Decreto 24/2009, do 20 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 126/2008, do 20 de xuño, polo que se regula o Programa de axudas para o fomento do emprego no ámbito da economía social. (DOE do 27-02-09).

▶ Decreto 25/2009, do 20 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 114/2008, do 6 de xuño, de axudas para o fomento do autoemprego. (DOE do 27-02-09).

ILLAS BALEARES

▶ Decreto Lei 1/2009, do 30 de xaneiro, de medidas urxentes para o impulso da inversión/investimento nas Illes Balears. (BOIB do 2-02-09).

▶ Resolución da conselleira de Traballo e Formación, presidenta do Servizo de Emprego das Illes Balears, de 24 de febreiro de 2009 pola que se informa da creación dun fondo para a concesión de anticipos reintegrables destinados a colectivos afectados por procesos de extinción do contrato de traballo como consecuencia de despedimentos colectivos ou individuais. (BOIB do 28-02-09).

MADRID

▶ Orde 3764/2008, do 19 de decembro, pola que se convocan para o ano 2009 subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no ámbito dos Centros Integrados de Emprego, establécéndose as contías de axudas como compensación por gastos de funcionamento e os criterios prioritarios para as súas actuacións. (BOCM do 9-12-09).

▶ Orde 3765/2008, do 30 de decembro, pola que se convocan as axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o ano 2009, destinadas a financiar os gastos de persoal e funcionamento para o desenvolvemento de actuacións en materia de intermediación laboral, dirixidas a persoas con minusvalidez e colectivos de difícil inserción laboral. (BOCM do 10-12-09).

▶ Orde 3776/2008, do 30 de decembro, pola que se modifican as bases reguladoras das axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo destinadas a financiar os gastos de persoal e funcionamento para o desenvolvemento dun Programa de Orientación Profesional para Inmigrantes (POPI), aprobadas mediante a Orde 2828/2006,

do 5 de decembro, do Conselleiro de Emprego e Muller, e convócanse as devanditas axudas para o ano 2009. (BOCM do 10-12-09).

- ▶ Orde 3712/2008, do 19 de decembro, da Conselleira de Emprego e Muller, pola que se convocan para o ano 2009 subvencións no ámbito da colaboración coas Corporacións Locais para a contratación de traballadores desempregados na realización de obras e servizos de interese xeral e social. (BOCM do 11-12-09).
- ▶ Orde 445/2009, do 6 de febreiro, pola que se regula a incorporación tardía e a reincorporación de alumnos ao ensino básico do sistema educativo español. (BOCM do 19-12-09).

MURCIA

- ▶ Resolución de 3 de febreiro de 2009, do Director Xeral do Servizo Rexional de Emprego e Formación, pola que se aproba a convocatoria de subvencións destinadas a financiar a execución dos programas de Orientación Profesional e Cultura Empresarial, e se precisan determinados aspectos técnicos relativos aos protocolos de actuación das Entidades encargadas de executar os citados programas. (BORM do 7-02-09).
- ▶ Convenio de Colaboración entre a Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, a través da Consellería de Presidencia e Administracións Públicas, o Servizo Rexional de Emprego e Formación, e a Fundación Tripartita para a Formación no Emprego, sobre traspaso de medios para o desempeño das funcións relativas á xestión, seguimento e control da formación continua (formación profesional para o emprego) no marco da ampliación de medios económicos, aprobada mediante Real Decreto 1085/2008, do 30 de xuño. (BORM do 13-02-09).
- ▶ Resolución do 5 de febreiro de 2009, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Educación de Persoas Adultas, pola que se convoca a celebración no ano 2009 de probas de

acceso a Ciclos Formativos de Grao Medio e Grao Superior de Formación Profesional do Sistema Educativo, no ámbito da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia. (BORM do 14-02-09).

NAVARRA

- ▶ Convocatoria de subvencións a fundacións universitarias para programas específicos de emprego para o ano 2009. (BON do 4-02-09).
- ▶ Convocatoria de subvencións destinadas á organización de xornadas, congresos, reunións científicas, accións de sensibilización, dotación de premios, recoñecemento e publicación e difusión en materia de emprego e formación para o ano 2009. (BON do 4-02-09).
- ▶ Resolución 278/2009, do 20 de xaneiro, do Director Xerente do Servizo Navarro de Emprego, pola que se autoriza o gasto para 2009 de diversas subvencións a concesión da cal e xestión corresponde ao Servizo Navarro de Emprego. (BON do 24-02-09).

PAÍS VASCO

- ▶ Orde do 28 de xaneiro de 2009, do Conselleiro de Xustiza, Emprego e Seguridade Social, pola que se dá a coñecer a dotación presupostaria das actuacións subvencionais para a conciliación da vida familiar e laboral. (BOPV do 17-02-09).

A RIOXA

- ▶ Orde 3/2009, do 2 de febreiro de 2009, da Consellería de Industria, Innovación e Emprego, pola que se regula o procedemento para a presentación e tramitación electrónica obrigatoria de documentación de carácter laboral relativa ás comunicacións de aviso previo de obra e apertura de centro de traballo ou reanudación de actividade. (BOR do 11-02-09).
- ▶ Orde 4/2009, do 3 de febreiro de 2009, da Consellería de Industria, Innovación e Emprego, pola

que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións que permitan facilitar a adaptación laboral do sector téxtil e da confección da Comunidade Autónoma de A Ríoxa aos cambios estruturais no comercio mundial. (BOR do 11-02-09).

- ▶ Orde 5/2009, do 12 de febreiro de 2009, da Consellería de Industria, Innovación e Emprego, pola que se modifica a Orde 20/2008, do 5 de xuño de 2008, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións pola Axencia de Desenvolvemento Económico de A Ríoxa destinadas á promoción da seguridade no traballo, en réxime de concorrencia competitiva. (BOR do 16-02-09).
- ▶ Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, de 2, 10 de febreiro de 2009, pola que se dispón a publicación do resumo do Convenio de colaboración entre o Servizo Ríoxano de Emprego e... para a realización de prácticas profesionais en empresas por alumnos de formación profesional ocupacional. (BOR do 23, 25 e 27-02-09).

VALENCIA

- ▶ Orde do 30 de decembro de 2008, da Consellería de Economía, Facenda e Emprego, pola que se determina o Programa de Formación Profesional para o Emprego e se regulan e convocan subvencións para a realización de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores desempregados durante o exercicio de 2009. (DOCV do 4-02-09).
- ▶ Decreto-Lei 1/2009, de 20 de febreiro, do Consell, polo que se constitúen e dotan tres plans especiais de apoio destinados ao impulso dos sectores produtivos, o emprego e a inversión|investimento produtiva en municipios, e apróbanse créditos extraordinarios para atender ao seu financiamento. (DOCV do 24-02-09).



NORMATIVA BOE

- ▶ Real Decreto 1966/2008, de 28 de novembro, polo que se establece un certificado de profesionalidade da familia profesional de edificación e obra civil que se inclúe no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade. (BOE do 3 de febreiro de 2009) (BOE nº 29, do 03-02-09).
- ▶ Resolución do 29 de xaneiro de 2009, da Presi-

dencia da Xerencia do Sector da Construción Naval, pola que se realiza a convocatoria para o ano 2009, de concesión de axudas dirixidas á realización de proxectos e actuacións de formación, no sector da construción naval. (BOE do 5 de febreiro de 2009) (BOE nº 31, do 05-02-09).

- ▶ Real Decreto 97/2009, do 6 de febreiro, polo que se modifica o Real Decreto 1975/2008, do

28 de novembro, sobre as medidas urxentes a adoptar en materia económica, fiscal, de emprego e de acceso á vivenda. (BOE do 7 de febreiro de 2009) (BOE nº 33, do 07-02-09).

- ▶ Corrección de erratas da Orde TIN/41/2009, do 20 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social, Desemprego, Fondo de Garantía Salarial e



NORMATIVA BOE

- Formación Profesional, contidas na Lei 2/2008, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2009. (BOE do 11 de febreiro de 2009) (BOE nº 36, do 11-02-09).
- ▶ Orde TIN/221/2009, do 10 de febreiro, pola que se modifica a Orde TAS/3859/2007, do 27 de decembro, pola que se regula a contraprestación a satisfacer polas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social polos servizos de administración complementaria da directa. (BOE do 12 de febreiro de 2009) (BOE nº 37, do 12-02-09).
 - ▶ Corrección de erros do Real Decreto 2125/2008, do 26 de decembro, polo que se aproba o Programa anual 2009 do Plan Estatístico Nacional 2009-2012. (BOE do 14 de febreiro de 2009) (BOE nº 39, do 14-02-09).
 - ▶ Resolución do 3 de febreiro de 2009, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se aproba a convocatoria para a concesión con cargo ao exercicio presupostario de 2009, de subvencións públicas destinadas á realización de accións de apoio e acompañamento á formación, de ámbito estatal, en aplicación da Orde TIN/2805/2008, do 26 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das citadas subvencións. (BOE do 17 de febreiro de 2009). (BOE nº 41, do 17-02-09).
 - ▶ Real Decreto 101/2009, do 6 de febreiro, polo que se complementa o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais mediante o establecemento de seis cualificacións profesionais da Familia Profesional Marítimo Pesqueira, e se actualizan determinadas cualificacións profesionais das establecidas polo Real Decreto 295/2004, do 20 de febreiro. (BOE do 19 de febreiro de 2009) (BOE nº 43, do 19-02-09).
 - ▶ Orde TIN/380/2009, do 18 de febreiro, pola que se distribúen territorialmente para o exercicio económico de 2009, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións do ámbito laboral financiadas con cargo aos Presupostos Xerais do Estado. (BOE do 23 de febreiro de 2009) (BOE nº 46, do 23-02-09).
 - ▶ Orde TIN/381/2009, do 18 de febreiro, pola que se distribúen territorialmente para o exercicio económico de 2009, para a súa xestión polas Comunidades Autónomas con competencias asumidas, subvencións para financiar o custo imputable a 2009 do Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral, aprobado polo Acordo do Consello de Ministros do 18 de abril de 2008. (BOE do 23 de febreiro de 2009) (BOE nº 46, do 23-02-09).
 - ▶ Real Decreto 100/2009, do 6 de febreiro, polo que se establecen medidas para facilitar a adaptación laboral do sector de fabricación e compoñentes do calzado, curtidos e marroquinería aos cambios estruturais no comercio mundial. (BOE do 24 de febreiro de 2009) (BOE nº 47, do 24-02-09).
 - ▶ Resolución do 31 de xaneiro de 2009, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se actualizan para o ano 2009 as cotas máximas constitutivas do importe das subvencións, para a realización de accións de orientación profesional para o emprego e asistencia para o autoemprego, a entidades colaboradoras sen ánimo de lucro. (BOE do 25 de febreiro de 2009) (BOE nº 48, do 25-02-09).
 - ▶ Orde TIN/429/2009, do 24 de febreiro, pola que se prorroga a vixencia durante o ano 2009 das medidas sociolaborais consideradas nos artigos 3 e 4 da Orde TAS/3243/2006, do 19 de outubro, pola que se dispoñen medidas necesarias para o desenvolvemento parcial do previsto no Acordo de Consello de Ministros do 9 de xuño de 2006, sobre determinadas medidas financeiras e sociolaborais integradas no Plan de apoio ao sector téxtil e da confección, e modifícanse os devanditos preceptos. (BOE do 27 de febreiro de 2009) (BOE nº 50, do 27-02-09-).
 - ▶ Orde TIN/442/2009, do 24 de febreiro, pola que se modifica a Orde TAS/3623/2006, do 28 de novembro, pola que se regulan as actividades preventivas en ámbito de Seguridade Social e o financiamento de Fundación para a Prevención de Riscos Laborais. (BOE do 28 de febreiro de 2009) (BOE nº 51, do 28-02-09).

NORMATIVA UNIÓN EUROPEA XANEIRO 2008

- ▶ **REGULAMENTO (CE) nº 120/2009 da Comisión, do 9 de febreiro de 2009, que modifica o Regulamento (CEE) nº 574/72 do Consello, polo que se establecen as modalidades de aplicación do Regulamento (CEE) nº 1408/71, relativo á aplicación dos réximes de seguridade social aos traballadores por conta allea, aos traballadores por conta propia e aos membros das súas familias que se desprazan dentro da Comunidade. (DOL nº 39, do 10-02-09).**

PUBLICACIÓNS

PUBLICACIÓNS FEBREIRO 2009

As publicacións editadas pola Consellería no mes

- ▶ Programa de actividades formativas 2009. Seguridade e saúde laboral.
- ▶ Galicia. Informe do paro rexistrado. Xaneiro 2009
- ▶ Tendencias do emprego en Galicia. 2º Trimestre 2008
- ▶ Informe do mercado laboral. 2008
- ▶ Políticas activas de emprego. Incentivos á contratación por conta allea
- ▶ Políticas activas de emprego. Incentivos a emprendedores
- ▶ Políticas activas de emprego. Incentivos para abrir o mercado laboral a persoas con discapacidade
- ▶ Avance de datos de Sinistralidade laboral. Galicia 2008
- ▶ O traballo autónomo e a prevención de riscos laborais
- ▶ Boletín do Instituto Galego de Cualificacións. Nº 1.